

OBRADORIOS MONOGRÁFICOS DE VERÁN 2026



O CORPO QUE ACTÚA “CLAVES PARA PERSONAXES CRÍBLES”

Duración: 10 horas

Datas de celebración: 7, 8 e 9 de xullo

Lugar: Escola Municipal de Teatro, Avenida de Castelao, 87 (interior). 36209 Vigo

Hora: 7 e 8 de 18:00 h a 21:00 h e o día 9 de 17:00 h a 21:00 h

Perfil do alumnado: dirixido a maiores de 15 anos empadroados en Vigo

Profesor: Brais Pombo

Teléfono de contacto: 986 485 324

Horarios atención: Ata o 20 de xuño de luns a xoves de 17:00 h a 20:30 h e dende o 22 de xuño de luns a venres de 11:00 h a 14:00 h

Preinscricións: enviar un correo electrónico a em.teatro@vigo.org coa seguinte información: Nome, apelidos, DNI, data nacemento, enderezo, número de móbil, enderezo electrónico e nome do obradorio solicitado

Prazos de preinscrición:

- Preinscricións: do luns 1 ao mércores 17 de xuño
- Publicación de admitidos: luns 22 de xuño
- Formalización de matrícula: do martes 23 ao martes 30 de xuño

Nº de prazas ofertadas:

Admitiranse un total de 14 persoas. O número mínimo para a formación do grupo será de 4 prazas.

No caso de que a demanda excedese á oferta de prazas, faríase un sorteo público o luns 22 de xuño ás 12:00 horas, nas instalacións da Escola Municipal de Teatro de Vigo.

Prezo: 29,30 euros

O CORPO QUE ACTÚA “CLAVES PARA PERSONAXES CRÍBLES”

Curso intensivo de verán centrado na importancia da corporalidade e do movemento na creación de personaxes escénicos. O traballo oríentase a comprender como as decisións físicas, postura, desprazamento, ritmo, xesto e uso do espazo, inflúen directamente na construción de personaxes coherentes e cribles.

Ao longo do curso desenvolveranse exercicios prácticos de conciencia corporal, exploración do movemento e improvisación, aplicados a situacións de escena. O obxectivo é dotar ás persoas participantes de ferramentas concretas para definir a identidade física dos seus personaxes e reforzar, a través do corpo, a intención e o sentido do texto. Deste xeito, búscase integrar acción e palabra para acadar interpretacións máis sólidas, precisas e verosímiles.

Trataranse os seguintes temas:

- Relación do individuo co espazo
- Construción do personaxe
- Animalidade
- Caricatura / Deformidade
- Expresividade do xesto
- Relación co obxecto
- Calidades do movemento
- Accións físicas e intencións
- Interacción co compañeiro de escena
- Improvisación

Todo o alumnado debe traer: un bloc de notas e lapis e un obxecto persoal

Curriculum Brais Pombo

Brais Pombo (1999) é actor, performer e músico formado en interpretación xestual na ESAD de Galicia (2017–2021) e na Janáček Academy of Music and Performing Arts en Brno (República Checa, 2020).

O seu traballo caracterízase por un enfoque interdisciplinar no que o corpo funciona como punto de partida e eixo principal de creación, integrando teatro físico, performance e linguaxe musical.

Gañador do Premio Fin de Carreira de Arte Dramática da Xunta de Galicia (2022) e do Primeiro Premio no Xuventude Crea de Música (2022) co seu proxecto Faíscas. Forma parte da compañía de teatro físico Mevadeus, coa que obtén o Primeiro Premio no Xuventude Crea de Teatro (2021) pola peza Agro 5G. En 2022 estrean Outrora Nós, galardoada co Terceiro Premio a Espectáculo Mellor Valorada polo Público na programación VigoCultura.

No ámbito da creación contemporánea, participa no proxecto Do outro lado, seleccionado nas Residencias Paraíso 2024, e en Escora Danza 2025 xunto ao artista visual Fran Rodríguez Casal. No mesmo ano é bolseiro como performer na compañía belga de teatro físico Troubleyn / Jan Fabre.

En 2020 participa no espectáculo When are we? no Buran Teatr (República Checa) e na creación de danza contemporánea Masks, dirixida pola coreógrafa Uršula Teržan.